

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de marzo de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e catro de marzo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., Sr. Riesto Boluda, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(425).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(426).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA CONTÍA DO ACORDO DE DATA 26.02.08, SOBRE GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNAS DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 18124/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.03.08, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno, na súa sesión de data 26 de febreiro de 2008, aprobou o aboamento en concepto de gratificación por servizos extraordinarios en domingos e festivos e xornada nocturna o persoal que figura nas relacións incluídas no expediente (Expte 18051/220).

Na proposta figura a relación por servizos das cantidades que deben ser aboadas, detectándose na mesma erros nas cantidades totales a aboar aos servizos de extinción de incendios, xa que na proposta figura un importe total de 6385.48 e cando debería ser de 40001.45 €; no servizo de cemiterios a cantidade correcta é de 2131.50 €

en vez de 2136.50 € e na suma total dos servizos non se incluiu a cantidade de 284.20 € do Museo Quiñones de Leon. O total das cantidades contidas nas relacións dos diferentes servizos supón un total de 111.517,65 €

A Intervención Xeral, en data 18 de febreiro de 2008 € informa da existencia de crédito na partida 12101510000 “gratificacións” por importe de 77.662,49 €, unha vez fiscalizada a proposta do servizo de persoal.

Detectados os erros anteriormente mencionados, debemos remitirnos ao artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que permite que en calquera momento as Administracións Públicas, ben de oficio ou ben a instancia de parte, rectifiquen os actos administrativos, cando neles concorra erro material, aritmético ou de feito.

Considerando que a a rectificación dun acto ou acordo administrativo corresponde ao mesmo órgano que o adoptou, e considerando que a competencia para a aprobación das retribucións do persoal municipal corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e previa a precedéptiva fiscalización pola Intervención Xeral, propónse a adpción do seguinte ACORDO:

1.- Rectificar de oficio o erro aritmético detectado no acordo de data 26/02/2008 en canto ás retribucións concepto de gratificación por servizos extraordinarios en domingos e festivos e xornada nocturna do persoal municipal correspondente ao mes de xaneiro de 2008, no senso de que onde dicía por importe total de 77.662,49€.debe dicir por importe total de 111.517,65, euros.

2.- Que pola Tesourería Municipal se realicen as rectificacións necesarias aos efectos de que as retribucións acordadas sexan percibidas polo persoal incluído nas relacións remitidas polo distintos servizos municipais na nómina do mes de marzo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.